



NOTA INFORMATIVA

Reunión “CONDICIÓN DE TRABALLO DOS TÉCNICOS FORESTAIS NA ÉPOCA DE ALTO RISCO” do venres 26 de agosto de 2020.

A mesa de negociación para a actualización do "Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galiza do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais" que data do 1 de abril de 2008 -en adiante acordo do ano 2008-, foi aberta oficialmente o pasado 09/08/2019. Abrírona tras 15 meses de pedimentos e mobilizacións. A continuidade da mesa de negociación foi reiterada o 13 de febreiro de 2020 e o 10/06/2020 sen resposta.

O 26/08/2019, na reunión de comisión de seguimento do acordo do ano 2008, aprobáronse unha serie de pequenas melloras nas condicións de traballo do persoal de referencia, mentres se manteña a negociación do novo acordo de condicións de traballo, para compensar unha parte do grande exceso de horas ocasionado polo período extraordinario de gardas regulado polo acordo de 2008. Naquela reunión acordouse que a Xunta de Galicia elaboraría unha proposta que sería trasladada antes de finalizar o ano 2019 á mesa de negociación sobre as novas condicións de traballo do persoal afectado.

A día de hoxe a Xunta de Galicia non foi quen de trasladarnos unha proposta integral.

Logo de asembleas e mobilizacións recentes do colectivo, a Consellería do Medio Rural convoca aos sindicatos a unha reunión que nin é da mesa de negociación nin tampouco unha comisión de seguimento do acordo de 2008.

Ante a nosa sorpresa o único que nos trasladan inicialmente nesta reunión do 26/06/2020 é que a poucos días das eleccións e sen saber o Goberno nin a conxuntura económica que quedará tras a pandemia NON hai ningunha proposta firme porque están aínda traballando na reorganización. Por tanto, despois de 2 anos desde que pediramos a negociación das condicións laborais, a consellería non foi capaz de dicirnos como pretenden reorganizar.

Finalmente a consellería di que pretende ofrecernos algunha pequena mellora nas condicións para levar a cabo a campaña de incendios do ano 2020.

Dende as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT quedamos á espera de recibir o texto que propoñen para estudalo, consultalo co colectivo e, no caso de decidirmos asinalo, facelo no ámbito dunha comisión de seguimento do acordo do ano 2008 que deberá ser convocada a semana próxima. Estendemos que nese texto deberán figurar melloras tanto para técnicos como para xefes de distrito e que deberá quedar fixada unha data para a presentación da proposta integral de reorganización sobre a que se poida negociar.